# 15-M

## O pobo indignado

Alfredo Iglesias Diéguez (coord.)

Xosé Manuel Beiras • Francisco Sampedro Justo Beramendi • Xavier Vence • Teresa Moure • Fermín Bouza • Manoel Santos Manuel Casal Lodeiro • David Rodríguez Rodríguez • Raimundo Viejo Viñas • Carlos Taibo • Roi Ribeira Bezerra • Nanina Santos Fernanda Couñago Otero • Lupe Ces • Lídia Senra • Xoán Hermida González • Xabier Macías • Dionísio Pereira • Cláudio López Garrido • Miguel Fernández Blanco • Xosé María Álvarez Cáccamo • Margarita Ledo Andión • Diana Varela Puñal Gustavo Pernas Cora



EDICIÓNS
laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

© Alfredo Iglesias Diéguez (coord.)
© 2011, Edicións Laiovento, S.L.
Apdo. 43 / Bertamiráns / 15220 Ames / Galiza / U.E.
Teléfono: + 34 981 887 570
Correo electrónico: laiovento@laiovento.com
Local na Rede: //www.laiovento.com

I.S.B.N.: 978-84-8487-216-0
Depósito Legal: C 2607-2011

© Fotografía da capa: Jacobo Remuñán

Imprime Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Vía Edison 33-35. Polígono do Tambre
15890 Santiago de Compostela
Impreso en papel ecolóxico

Este libro non poderá ser reproducido, nin total
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

# A toma do Obradoiro

*Margarita Ledo Andión*

Como pasou noutrora coa praza Roxa, ese espazo que adoito nos congregou para manifestacións clandestinas e que hoxe exhibe unhas pétalas vermellas para que a cidadá, para que o cidadán poidan permanecer na rúa, con sol ou con chuvia, a conversar ou contemplando o mundo, algúns lugares son lugares onde as mudanzas deixan o seu rastro para a eternidade. Como é un lugar para a eternidade o Obradoiro a partir da asemblea que fixo dela unha ágora plena, en movemento continuo, coas ás abertas para a utopía en que os pés e a fala permanecen na terra.

Porque o 15-M é un acontecemento que quere recuperar o sentido da cidadanía, é dicir, a práctica real da igualdade e da liberdade, garantida na lei e aplicada por institucións que só se lexitiman se representan o interese popular, como en Compostela, en cada vila a consigna "democracia real xa" ocupou un lugar simbólico onde aletexa o "nós".

Andei polo Obradoiro na compaña de camaradas, de persoas que comezamos a militar ao redor do ano setenta, cando eramos aínda máis novos e máis novas que a poboación quechua que fixo da praza un habitáculo diáfano onde partillar as novas, trocar cousos, levar auga, intervir nunha comisión ou dicir un poema se tornou un ben común. E canda eles, neste caso cos e coas colegas do Seminario Galego de Educación para a Paz, participei outra volta o 19 de xuño, dende a Alameda até o Obradoiro, dun acto ritual en que todos e todas nos recoñeciamos diferentes e iguais.

Cando escoitei o Manifesto do Obradoiro, tal como os manifestos todos en que ecoa a vontade das persoas que se congregaban nas prazas, o primeiro que chama a miña atención é o seu inmediatismo: son medidas que se poden concretar xa, sen necesidade de enleados e dilatados procesos de reforma ou de substitución. Teñen que ver con dereitos de base como o emprego, de dereitos sen os que a persoa non pode ser persoa; teñen que ver cunha lei electoral que

non exclúa a diferenza, sen o que a democracia non pode ser tal; teñen que ver con medidas anti-especulación sen as que unha sociedade non pode respirar; teñen que ver co poder de decisión para activar mecanismos redistribuidores da riqueza, teñen que ver cos dereitos nacionais, expresión maior da idea colectiva, teñen que ver coa esperanza, a máis social de todas as enerxías. E, na fin, teñen que ver co desmantelamento da industria e mais o comercio militar, teñen que ver coa paz.

Mais o paradoxo é que o poder está nas mans deles, os gobernos –prótese do capitalismo neoliberal–, dos intereses financeiros, das manobras de espoliación que tan ben coñecemos por acó. A propósito, onde anda dende hai dous anos "Galiza non se vende"?

A frase amorosa, o desexo de revolución, o soño e o confronto que colleu corpo nas manifestacións dos setenta véñenme, agora, á memoria. E é esta mirada, que se fixo complexa a partir de todo o que despois pasou (as ditaduras dos setenta mais o pensamento débil como sutil alianza de contrarios para que a Thatcher puidese, na fin, exclamar: Non hai alternativa!), a que fai que me decate da febleza luminosa que acompaña, tamén, estoutra expresión de indignación. Por iso cómpre continuar.

Mentres a atmosfera asemblearia do sesenta e oito retornaba ao noso maxín ollabamos as medias de cores intensas, as rendas combinadas con lonetas, os entrenzados para toda a vida, as calzas kurdas e as zamarras. E, sobre todo, o milagre da fala entre persoas de idade, condición e actitudes diversas. A praza, tal se rendera unha tácita homenaxe a Bertolt Brecht, foi unha marabillosa peza de aprendizaxe e teño para min que é agora, nas xuntanzas de barrio, onde a consciencia desa paisaxe interminábel vai pular do noso corazón para o comunal. Pendente de incorporarme á da Almáciga, asistín á da praciña da Igrexa, no barrio de San Pedro, onde andan a artellar as comisión de intercambio, de vivenda, de formación en que agroma un sinxelo "terra a terra" que de seguro vai ampliar a fasquía solidaria e festeira dese lugar.

Porque a acampada fixo do Obradoiro un espazo-proxecto en que a túa, a miña experiencia non pode existir sen a expe-

riencia dos e das que temos a carón e é esa sensación de vermos xuntas a que lle outorga ao 15 M un esgo singular. Cada persoa daba conta dunha situación vivida, da súa historia de negacións e da angueira de luír no futuro como algo aínda en construción. Eis unha das mil e unha razóns para seguir peneirando na historia e dar novos pasos, por exemplo so o lema "Para que nos devolvan o roubado" que inicia as sesións de cinema que na praciña da Oliveira organiza en xullo o Cineclube de Compostela.

Tal se termase dunha prenda valiosa na man, adoito penso no debate "A idea do comunismo" que, so iniciativa de Badiou e Žižek, deu comezo no 2009 en Londres, séguese en Berlín en 2010 e continuará no vindeiro outono en Nova York porque, reflicte o filósofo francés na presentación, "cremos na necesidade dunha nova renacenza do todo o que hoxe, con absoluta crueldade, nos falta: a total independencia de pensamento a respecto do consenso occidental dito "democrático", que organiza a nivel mundial a súa propia e tóxica continuidade desprovida de senso". Talvez por iso dea tanta preguiza voltar para a casa cando xa pasa da unha da mañá.

Tentei, unha e outra vez, levar a cámara para a praza, tal e como andaba a facer Elena Martín Lores, unha das miñas alumnas de Documental. Mais os meus ollos son moi indecisos neste tipo de situacións en que o corpo a corpo anda en xogo, e afástanse adoito da imaxe mediada, unha actitude de que non estou leda e que querería, por outra banda, transformar en min mesma e poder afacerme á distancia no intre de filmar. Gravei, iso si, algúns minutos co dispositivo máis común, co telefone, en que escoitaba a Manolo Rivas, a Xurxo Salgado e a Pereiro aquela tarde adicada aos Medios de Comunicación, a única vez que, por azar, falei megáfono en man co gallo de cubrir o tempo morto en que non funcionou o dispositivo sonoro que tiña que loitar sen acougo contra un vento frontal.

Na materia que imparto na licenciatura de Comunicación Audiovisual da USC, Documental contemporáneo, a acampada coincidiu coa presentación das prácticas. E aínda que un bo número de alumnos e alumnas formaban parte das equipas de continuidade na praza, a posta en común dos traballos

do curso non sufriu atrasos. Elena achegounos un magnífico exercicio cronolóxico e de observación, no ronsel dun ollar subxectivo e anticipatorio que xa é un requisito neste tipo de filmes. Nomeou este filme de urxencia *Revolución 15 M*, que se proxectou, canda outros filmes, nas tardes de cinema no Obradoiro. Por primeira vez todas e todos sentimos unha certa tristura por este curso a piques de rematar xa no que unha verba gasta como democracia mudou a súa significación.

Longa vida ao 15 M! Game over!

**Margarita Ledo Andión é axitadora cultural e a prol da paz, é dicir, contra as guerras do capital. Escribiu o capítulo "Frente Fotográfica" na obra *Las mentiras de una guerra* e no eido do cinema sobrancean os seus traballos *Lavacolla 1939* en *Hai que botalos*! ou *Illa,* en homenaxe ás mulleres republicanas.**